

COLEXIO OFICIAL DA ENXEÑARÍA TÉCNICA FORESTAL DE GALICIA

R/ SÁNCHEZ FREIRE, Nº 64 – BAIXO DEREITA

15706 SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA)

TELF.: 981/520077

E-MAIL: [coetfoga@forestaisgalicia.es](mailto:coetfoga@forestaisgalicia.es)

WEB: [www.forestaisgalicia.es](http://www.forestaisgalicia.es)

---



REGULAMENTO ELECTORAL

DO

COLEXIO OFICIAL DA  
ENXEÑARÍA TÉCNICA  
FORESTAL DE GALICIA



---

## REGULAMENTO INTERNO DO

### COLEXIO OFICIAL DA ENXEÑARÍA TÉCNICA FORESTAL DE GALICIA (COETFG)

#### QUE REGULA AS ELECCIÓNS PARA MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO DO COLEXIO, ASÍ COMO OS CARGOS ESTATUTARIOS COLEXIAIS E AQUELES OUTROS PROCESOS ELECTORAIS QUE RESULTEN NECESARIOS

*Nota: Documento aprobado provisionalmente pola Xunta de Goberno do COETFG con data do 18/09/2024, co fin de adaptar o texto á “Lei 2/1974 de Colexios Profesionais” modificada pola “Lei Orgánica 2/2024, de 1 de agosto, de representación paritaria e presenza equilibrada de mulleres e homes”.*

*Sometido a proceso de consulta pública do 19/09/2024 ao 08/10/2024, e aprobado definitivamente en sesión de Xunta de Goberno 09/10/2024, e finalmente ratificado pola Asemblea Xeral Extraordinaria do COETFG de data do 26/10/2024.*

## CAPÍTULO I

### DISPOSICIÓN XERAIS

**Artigo 1.-** O presente regulamento xeral ten por obxecto regula-las eleccións para membros da Xunta de Goberno do Colexio Oficial da Enxeñaría Técnica Forestal de Galicia, así como os cargos estatutarios colexiais e aqueles outros procesos electorais que resulten necesarios.

**Artigo 2.-** A colexiación será acreditada pola inclusión nas listas do censo electoral colexial ou pola súa inclusión posterior, ata a aprobación definitiva do censo electoral, a solicitude de quen acredite reunir os requisitos esixidos para elo polas normas estatutarias e regulamentarias.

## CAPÍTULO II

### ORGANIZACIÓN ELECTORAL

**Artigo 3.-** A efectos de garantir a maior pureza democrática do proceso electoral, constituirase unha Xunta Electoral formada por unha persoa da asesoría xurídica do Colexio, Secretaria ou Secretario e tres colexiadas ou colexiados elixidos por sorteo.

**Artigo 4.-** A Xunta Electoral estará presidida por unha persoa da asesoría xurídica do Colexio asistido nas súas funcións pola Secretaria ou Secretario e terá a súa sede na do Colexio.

**Artigo 5.-** A Xunta Electoral constituirase o mesmo día da convocatoria das eleccións e terá por misións as seguintes:



- a) Elaborar o censo electoral e coñecer e resolver das reclamacións por indebida inclusión ou exclusión do mesmo.
- b) Habilitar o crédito necesario para atender á organización e desenvolvemento do proceso electoral.
- c) Resolver as consultas e reclamacións contra as irregularidades que sexan denunciadas, ordenando abrir o expediente disciplinario contra os autores das infraccións que se observen ou se puideran cometer.
- d) Vixiar o cumprimento do calendario electoral e dirixir o acondicionamento de locais.
- e) Comunicarse directamente coa Xunta de Goberno, informando das e dos candidatos e dos sinalamentos de prazos e forma de emisión do voto.
- f) Proclamar as candidaturas.
- g) Outorgar unha credencial ás interventoras ou interventores que para a Mesa nomee cada candidatura, así como designar os titulares e suplentes da Mesa Electoral.
- h) Efectuar a proclamación das e dos elixidos definitivamente e dos postos que cada un das ou dos mesmos cubrirá.
- i) Comunicarse coas autoridades e funcionarios públicos, dándolles conta de canto se considere digno do seu coñecemento e requiríndolles a súa colaboración para o mellor desenrolo do proceso electoral.

**Artigo 6.-** Os acordos da Xunta Electoral adoptaranse por maioría de membros presentes, sendo soamente válida a reunión celebrada, previa citación de cada un dos seus membros, coa necesaria antelación para garantir a súa posibilidade de asistencia. Si a secretaria ou secretario ou algún das ou dos colexiados elixidos por sorteo resultase formar parte de unha das candidaturas, terán voz pero carecerán de voto nas reunións da Xunta. En caso de igualdade o voto da ou do asesor xurídico será de calidade.

**Artigo 7.-** Os acordos da Xunta Electoral executaranse pola Secretaria ou Secretario a instancia da ou do Presidente. Das súas reunións levantarase acta certificada pola Secretaria ou Secretario co visto bo da ou do Presidente.



### CAPÍTULO III

#### DO PROCEDEMENTO ELECTORAL

**Artigo 8.-** O Colexio constituirase en Sección Electoral única e a Mesa Electoral que presidirá as votacións estará constituída pola persoa asesora xurídica do Colexio, asistido da ou do Secretario e dous colexiadas ou colexiados elixidos por sorteo, designándolles como substitutos outras dúas persoas colexiadas igualmente elixidas por sorteo. Si algunha persoa estivese imposibilitada a asistir, comunicarao anticipadamente, para que se lle designe a correspondente persoa substituta. Si no momento de constituírse a Mesa non se puidese constituír esta por falta de algún das ou dos designados, serán substituídos polas ou polos colexiados máis antigos que estean presentes no momento da constitución.

**Artigo 9.-** A Mesa Electoral poderá ser asistida no control da votación, escrutinio e recuento de votos, por Interventoras ou Interventores, designados polo que sexa cabeceira de candidatura, tendo a función de información, protesta e reclamación, que será documentada en Acta e sobre a que a Mesa resolverá por maioría. Contra os acordos da Mesa poderase reclamar dentro das vinte catro horas seguintes ante a Xunta Electoral que resolverá o procedente nos dous días seguintes.

**Artigo 10.-** A convocatoria de eleccións efectuarase pola Xunta de Goberno de acordo co disposto nos estatutos do Colexio. A convocatoria sinalará o local ou locais nos que se celebrará a votación, así como os termos e prazos do calendario electoral. Darase conta da mesma ás colexiadas e colexiados mediante a súa publicación na páxina web do Colexio.

**Artigo 11.-** O censo colexial activo de quen poidan resultar electores e elixibles publicarase pola Xunta Electoral, facéndose unha axeitada difusión do mesmo, a través da páxina web do Colexio, dentro dos cinco días seguintes ó do anuncio da convocatoria. As persoas que se consideren indebidamente incluídas ou excluídas do censo poderán reclamar dentro dos dous días naturais seguintes á exposición das listas, resolvendo definitivamente a Xunta Electoral nos tres días naturais seguintes a partir da finalización de dito prazo.



**Artigo 12.-** O censo electoral comprenderá unha relación numeral das e dos colexiados con capacidade de voto.

## **PRESENTACIÓN E PROCLAMACIÓN DE CANDIDATAS E CANDIDATOS**

**Artigo 13.-** As candidaturas ou listas de candidatas ou candidatos presentaranse ante a Xunta Electoral por medio da correspondente solicitude de proclamación, dentro do período de dez días naturais que se inicia coa data de convocatoria das eleccións.

Segundo o disposto no artigo 15.2 da Lei 2/1974 de colexios profesionais de acordo coa súa redacción dada pola Lei Orgánica 2/2024 de 1 de agosto e para garantir polo menos a representación nun 40% do sexo menos representado na Xunta de Goberno, as candidaturas, salvo razóns obxectivas fundamentadas, deberán gardar na súa composición a máxima paridade posible entre sexos, alcanzando como mínimo o 40% da candidatura o sexo menos representado.

**Artigo 14.-** A solicitude de candidatura deberá ser acompañada dos seguintes documentos:

- a) Declaración xurada para cada un das ou dos compoñentes da candidatura de que ten as condicións de elixibilidade requiridas e de non acharse afectado en ningunha incompatibilidade nin incapacidade para elo.
- b) Exposición escrita do programa electoral da candidatura presentada, de amplitude máxima de dúas caras de tamaño folio.

**Artigo 15.-** A Xunta Electoral examinará a documentación presentada por cada unha das candidaturas, e procederá a efectuar unha aprobación provisional das mesmas dentro dos dez días naturais seguintes ao de peche do prazo para presentación de candidaturas. Nos dez días naturais seguintes á aprobación provisional calquera membro das demais candidaturas poderá impugnar por indebida calquera inclusión ou exclusión.

**Artigo 16.-** Dentro dos cinco días naturais seguintes ao fin do prazo para impugnacións e á vista das reclamacións presentadas, a Xunta Electoral elevará a definitiva a proclamación de candidatas ou candidatos, notificando á Xunta de Goberno a fin de que esta proceda a súa



publicación na páxina web colexial, dando así a coñecer ás colexiadas e colexiados a relación completa das candidaturas presentadas.

**Artigo 17.-** Se só se presentase unha candidatura, finalizado o prazo de presentación procederase á súa proclamación como electa sen necesidade de votación.

#### **PROPAGANDA ELECTORAL E PUBLICIDADE DA MESMA**

**Artigo 18.-** Logo da proclamación das candidaturas e ata corenta e oito horas antes do día sinalado para a votación, tódalas persoas candidatas proclamadas poderán realizar, ao seu cargo e a través da páxina web do Colexio e dirixindo a solicitude de publicación da mesma á xerencia do Colexio, a propaganda que crea convinte para a captación de sufraxios e adhesións.

**Artigo 19.-** Publicaranse na páxina web do Colexio as instrucións para a votación persoal ou por correo, así como as papeletas oficiais de tódalas candidaturas. Así mesmo a documentación anterior porase a disposición das e dos colexiados na sede do Colexio.

#### **CAPÍTULO IV**

##### **VOTACIÓN**

**Artigo 20.-** A Mesa constituirase unha hora antes da sinalada para a votación no local e día que se tivera designado na convocatoria.

**Artigo 21.-** Constituída a Mesa recibirán a credencial ou apoderamento ás persoas interventoras designadas por cada candidatura, dándolles asento nun lugar adxacente e no que poidan observar o desenrolo da votación. De todo elo levantarase acta, sen que posteriormente poida ser substituído ningún das ou dos titulares e das ou dos interventores, nin interrompido o procedemento. A acta será asinada polos membros da Mesa e as ou os interventores, entregándose copia a cada un das ou dos indicados que a reclamasen.



**Artigo 22.-** A Presidenta ou Presidente da Mesa anunciará o comezo da votación á hora sinalada e dará conta de viva voz dos pormenores da acta de constitución da Mesa e os nomes de cada un das ou dos que a compoñen, así como das ou dos interventores e da candidatura que representan.

**Artigo 23.-** O dereito a votar acreditarase pola inclusión nas listas do censo colexial, así como pola acreditación da identidade do elector.

**Artigo 24.-** As ou os electores presentes achegaranse un a un á Mesa, manifestando o seu nome e apelidos e nº de colexiada ou colexiado. Unha vez comprobada a súa inclusión no censo colexial e a identidade persoal da ou do votante, entregará a papeleta dentro do correspondente sobre ao Presidente, que a depositará na urna designada ao efecto. Os membros da Mesa anotarán a continuación o nome e apelidos e número da ou do colexiado que emitiu sufraxio na lista de electores, evitando a duplicidade do voto.

**Artigo 25.-** Cando ocorrese algunha dúbida sobre a identidade do votante suscitada por algún membro da Mesa ou por reclamación de algunha ou algún interventor, a Mesa decidirá por maioría á vista dos documentos de acreditación e da opinión dos interventores, admitindo o voto ou rexeitándoo, neste caso unirase a acta final.

**Artigo 26.-** Serán nulas as papeletas que non se axusten ó establecido nestas normas, ou que conteñan emendas ou raspaduras ou que non cumpran estritamente coa incondicionalidade do voto, ou existan nelas expresións que supuxeran calquera tipo de incorrección ou falla de respecto para o acto que se celebra.

## CAPÍTULO V

### DA VOTACIÓN POR CORREO

**Artigo 27.-** O voto por correo poderá realizarse en todo caso por calquera colexiada ou colexiado incluído no censo electoral, remitindo con acuse de recibo nos sobres a papeleta de votación á Mesa Electoral.



**Artigo 28.-** Serán válidos os votos que se recibisen na sede do Colexio ata o momento de iniciarse a votación. Si algunha persoa colexiada tivera votado por correo e estivera presente no acto da votación, poderá anular o sufraxio emitido por correspondencia antes de que sexa introducido na urna, votando persoalmente. Si se recibise máis dun voto por correo do mesmo colexiado ou colexiada será válido o primeiro introducido na urna, rexeitándose e inutilizándose os seguintes, sen perxuízo da responsabilidade disciplinaria en que incorrese por intento de fraude electoral, si non fora debido a error debidamente xustificado.

**Artigo 29.-** Ao efecto de facilitar o voto por correo, a Xunta Electoral publicará na páxina web do Colexio a documentación que se sinala no artigo 19 e que polo menos comprenderá as instrucións para emitir o sufraxio por correspondencia e que se efectuará do seguinte xeito:

1º .- Nun sobre introducirase unicamente a papeleta oficial. Este, pechado, estará dirixido á Mesa electoral.

2º .- Debidamente pechado, o referido sobre introducirase xunto con fotocopia do DNI nun segundo sobre de remisión á Mesa Electoral e á dirección da sede do Colexio e, posto o seu remite e franqueo, poderá ser remitido con acuse de recibo dende o día que se publique na páxina web do Colexio, a documentación e instrucións para votar ata dous días antes do sinalado para a votación persoal.

**Artigo 30.-** Entre o día no que a Xunta Electoral publicase na páxina web do Colexio a documentación para votar e o da votación haberá un prazo mínimo de vinte días naturais.

**Artigo 31.-** A Secretaría do Colexio destinataria da correspondencia por designación e concerto da Xunta Electoral recibirá a correspondencia gardándoa, e o día da votación no local en que este constituída a Mesa, farase recepción da mesma levantándose acta pola Mesa.

## **CAPÍTULO VI**

### **O ESCRUTINIO**

**Artigo 32.-** Ás 12:00 horas a Presidenta ou Presidente da Mesa declarará pechada a votación coa dos membros da Mesa con dereito a voto, e comezará o escrutinio.





**Artigo 33.-** O escrutinio verificarase extraendo a Presidenta ou o Presidente ou o membro da Mesa que designe, un a un, os sobres da urna, abrindoos e lendo en voz alta o nome e apelidos do que sexa cabeza da candidatura. A Presidenta ou Presidente porá de manifesto a papeleta lida ós demais membros da Mesa e interventores. Ao final confrontarase o número total de papeletas co de persoas votantes anotadas. Serán nulos os votos en papeleta non oficial, ou os recibidos por correo sen a copia do DNI do segundo sobre ou que non foran dirixidos ó Colexio. Tamén serán nulos os votos emendados, tachados ou raspados, irrespectuosos ou referidos a unha candidatura retirada ou que estivesen en branco sen designación de nome algún.

**Artigo 34.-** Feito o reconto de votos, a Presidenta ou Presidente anunciará en alta voz o número dos mesmos para cada candidatura, especificando o número de votantes, ou de papeletas válidas e nulas, destruindo a continuación as papeletas válidas e conservando aquelas sobre as que houberse algunha reclamación e que serán unidas á acta que terá de elevarse de todo elo á Xunta Electoral inmediatamente logo do remate do escrutinio. A citada acta será asinada por tódolos membros da Mesa e interventoras ou interventores que asistiran á votación, facéndose público o seu resultado, publicándose na páxina web colexial.

**Artigo 35.-** A Xunta Electoral, durante as vinte catro horas seguintes, recibirá por escrito sucinto as protestas e reclamacións que puideran formularse por calquera candidata ou candidato, e á vista das mesmas antes de que transcorreran tres días dende a celebración da votación, proclamará ás ou aos elixidos.

**Artigo 36.-** Calquera dúbida ou posible interpretación relativa á normativa electoral será resolta pola Xunta Electoral.